



Concello de Lugo

19º CERTAME DE **PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE** "CIDADE DE LUGO"
14 DE XULLO DE 2019
Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua
Concello de Lugo

O Concello de Lugo convoca o 19º Certame de Pintura Rápida ao Aire Libre "Cidade de Lugo" de acordo coas seguintes bases:

1ª.- Poderán participar neste certame todas e todos os artistas maiores de 18 anos que o desexen. Cada autora e/ou autor só poderá presentar unha obra, e non poderá asinala ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado.

2ª.- O estilo e a técnica serán libres, e a súa temática xirará sobre a cidade de Lugo en toda a súa extensión. A execución será directa, diante do motivo ou do modelo natural.

3ª.- As inscricións realizaranse no Departamento de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo o propio día do certame, no momento de selado dos portes, e serán gratúitas. O certame terá lugar o domingo, día **14 de xullo de 2019**.

4ª.- Cada participante levará o material que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído (de ser posible) o seu cabalete onde se exporá a súa obra.

5ª.- O soporte presentarase o día do certame das 9.00 ás 11.00 h da mañá no Departamento de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo (praza Maior, 1), para ser selado.

6ª.- O tempo para presentar as obras rematará ás 17.00 horas e realizarase no control establecido na praza Maior, onde se coñecerá o ditame do xurado ás 18.00 horas.

Farase exposición ao aire libre que se prolongará ata as 20.00 horas e nese momento os autores das obras non premiadas faranse cargo delas.

7ª.- O xurado que avalíe as obras estará composto por profesionais das artes plásticas.

8ª.- As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Lugo, así como os dereitos de reprodución.

9ª.- O Concello poñerá o maior coidado na conservación das obras, pero non responderá da deterioración que poidan sufrir por causas alleas ou de forza maior.

10ª.- Os premios, que estarán suxeitos á retención fiscal establecida, serán:



MURALLA
patrimonio da humanidade



Concello de Lugo

1º.- 1.600 € e diploma

2º.- 1.100 € e diploma

3º.- 900 € e diploma

5 accésits de 300 € e diploma

Premio especial á ou ao artista local, nacida/o ou residente en Lugo (acreditado con copia do DNI), non compatible coa obtención dos outros premios.- 450 € e diploma

11ª.- Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade, por favor, póñanse en contacto co Departamento de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua nos teléfonos 982 297212/16/17 ou no correo-e cultura@concellodelugo.org

12ª.- A participación neste certame implica a aceptación total destas bases.

EXEMPLAR PARA O CONCELLO

NOME _____

—

APELIDOS _____

—

ENDEREZO _____

—

POBOACIÓN _____ CP _____

NIF _____ TFNO. _____

DATA DE NACEMENTO _____

CORREO-

E _____



MURALLA
patrimonio da humanidade